

CONVENIO DE COLABORACIÓN PLURINANUAL ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE HIDROLOXÍA MÉDICA DA USC

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de setembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o axeitado desenvolvemento das actividades da cátedra institucional en Hidroloxía Médica.

As actividades desta cátedra estarán dirixidas ao seguinte:

- a) A realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da Hidroloxía Médica que permita aos alumnos obter uns coñecementos básicos sobre as características das augas mineiro medicinais e as súas aplicacións terapéuticas.
- b) A promoción e organización de as actividades académicas que contribúan á facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria.
- c) Promover a investigación no campo da Hidroloxía Médica
- d) Favorecer a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo e en concreto o turismo termal é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo.- Que a cátedra institucional de hidroloxía médica foi creada mediante convenio celebrado o 30 de novembro de 2009 entre a USC e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia coa finalidade de fomentar a docencia, a investigación e a difusión dos coñecementos no campo da hidroloxía médica e para a súa continuidade ten entre outros os seguintes obxectivos:

1. Impartir docencia sobre Hidroloxía médica aos alumnos de medicina.
2. Estimular o desenvolvemento dunha historia clínica común informatizada en todos os balnearios de Galicia.
3. Traballar na unificación dos Protocolos Terapéuticos existentes nos balnearios e a súa adaptación aos aplicados noutros países de Europa.
4. Elaborar un Vademecum das augas mineromedicinais de Galicia

Terceiro.- A través deste convenio, outórgase á Universidade de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo



3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos